

BASES PARA A CONCESIÓN DO “GROVE DE OURO”

A Xunta Directiva de EMGROBES, na reunión ordinaria do día 29 de outubro de 2007, acordou, por unanimidade, otorgar un premio ao que se denominará “O Grove de ouro”, redactándose as seguintes bases para a súa concesión:

1. Este premio otorgarase con periodicidade anual, a partir do 10 de novembro de 2007, como iniciativa da Asociación de Empresarios Grovenses de Bens e Servicios.
2. Optarán a dito recoñecemento as persoas, empresas ou entidades que destaquen pola súa colaboración, directa ou indirecta, con EMGROBES, e, por ende, con todo o municipio do Grove, durante o período comprendido entre o 11 de novembro do ano anterior a aquel no que se fai a entrega do premio e o 10 de novembro do mesmo, incluíndo ámbalas dúas datas.
3. Asimesmo, poderanse ter en conta motivos especiais que a Xunta Directiva en funcións considere relevantes á hora de otorgar o premio.
4. A denominación “GROVE DE OURO” fai referencia ao logotipo do Centro Comercial Aberto “De Tendas”, silueta da península grovense coa súa Illa da Toxa.

